

Nome: Data: Curso:

Data: *Curso:*

Curso:

- 1** Le en voz alta esta noticia e subliña os dous erros de contido que atoparás.

Choveu durante quince días

Unha chuvia que durou quince días sen interrupción puxo en alerta os veciños dunha comarca por posibles asolagamentos.

Despois de dous meses de secura, na Baixa Limia choveu de maneira inusual. A chuvia comezou caendo de forma suave o pasado día sete deste mes, e non deixou de facelo durante os vinte días seguintes. Non se trataba dunha chuvia torrencial, pero si constante. Os habitantes da zona tiñan medo de posibles inundacións, como lle comunicou á correspondente Antía Pazos unha veciña de Entrimo, Carme C. E. Algunhas familias mesmo comezaran a preparar as súas maletas para trasladarse a outra zona. “Algúns dicían que semellaba o diluvio universal”, contou Carme, un pouco alterada pola seca. Por sorte, a chuvia parou de golpe e non causou problemas graves.

Agora, volve escribir correctamente os textos que contiñan os erros e explica en que consistían.

- 2** Completa a táboa segundo se as afirmacións son verdadeiras ou falsas.

	Verdadeiro	Falso
A chuvia era constante e torrencial.		
A chuvia parou de golpe.		
A chuvia causou problemas graves.		
Algúns veciños prepararon todo para marchar.		

- 3** Fíxate nestas palabras do texto e rodea as que están escritas do revés.

choveu	2929M	oivulib	2eldizoq	interrupción
ɛɹuɔɔɛ	quince	constante	universal	inusual
inundacións	2ɛɹɹɹɹɹɹ	ɹɹɹɹɹɹɹɹɹɹ	2ɛɹɹɹɹɹɹɹɹ	ɹɹɹɹɹɹɹɹɹɹɹɹ

Agora, escrebeas correctamente:

Nome: Data: Curso:

- 1 Completa o esquema coas preguntas básicas dunha noticia fixándote nos exemplos.

.....	Choveu durante quince días.
COMO?	Sen parar.
.....	Desde o día sete deste mes.
QUEN?	Os afectados son os veciños da comarca.
.....	Na Baixa Limia.

- 2 Tapa o esquema anterior e relaciona cada resposta coa pregunta correspondente.

Os veciños da comarca.	•	•	QUE
Na Baixa Limia.	•	•	COMO
Choveu durante quince días.	•	•	CANDO
Desde o día sete deste mes.	•	•	QUEN
Sen parar.	•	•	ONDE

- 3 Sen mirar o esquema, escribe en que orde aparecen as preguntas básicas.

1. 2. 3. 4. 5.

- 4 Sen volver ler o esquema da actividade 1, escribe un resumo da noticia da páxina anterior.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

- 5 Lembras que sinónimos das palabras *secura* e *inundacións* aparecen na noticia? Esríbeos.

.....

- 1 Le en voz alta estas oracións que pertencen á noticia. Despois escolle tan rapidamente como poidas a palabra axeitada do cadro para rematalas.

golpe torrencial inusual maletas universal suave inundacións

- Despois de dous meses de seca, na Baixa Limia choveu de maneira
- A chuvia comezou caendo de forma
- Non se trataba dunha chuvia
- Os habitantes da zona tiñan medo de posibles
- Algunhas familias mesmo comezaran a preparar as súas
- “Algúns dicían que semellaba o diluvio ”
- Por sorte, a chuvia parou de

- 2 Escribe correctamente estas palabras da actividade anterior. Faino rapidamente e ten en conta que terás que eliminar algunhas letras intrusas en cada unha.

viarchun

oidilvfub

sepraecu

letrasme

- 3 As palabras destas listas pegáronse. Le as listas rapidamente e escribe ao lado de cada unha a palabra que se repite máis veces.

chuiachaveschoivachairachuviacarapuchachan ►

securasecadorsedimentosecurasecadorsecura ►

divinodiluviodiluviardiluviodiluírdiluviodivino ►

suavesúaseusuavesuarsuavidadesuavesuar ►

golpecogomelogolpepegagolpecogomelogolpe ►